

FUNDAMENTOS BIOLÓXICOS, SAÚDE E PRIMEIROS AUXILIOS

1.- Estrutura e procedemento da proba:

A proba consta de dúas partes: Teórica e Práctica.

- A **parte teórica** constará de 20 preguntas: curtas, de completar e de desenvolvemento.
- A **parte práctica** consistirá en: resolver de forma práctica unha situación simulada de urxencia vital e unha situación de lesión deportiva no medio natural.

2.- Criterios de avaliación:

- Describir as capacidades condicionais e coordinativas demandadas nas actividades no medio natural.
- Analizar, e no seu caso aplicar, os aspectos que condicionan o nivel de saúde na práctica de actividades físico-deportivas no medio natural.
- Identificar a función dos distintos aparatos e sistemas do corpo humano mais relacionados coa actividade física: locomotor, respiratorio e circulatorio.
- Localizar sobre modelos anatómicos os órganos e elementos que configuran cada sistema ou aparato.
- Identificar a resposta dos aparatos e sistemas do organismo á práctica de actividades físico-deportivas.
- Recoñecer os beneficios que supón a práctica de actividades físicas no medio natural sobre os diferentes órganos e sistemas.
- Describir o tipo de accidentes e lesións mais usuais en función do medio e do tipo de actividade física.
- Explicar o procedemento a seguir para a atención a un accidentado.
- Indicar para as lesións ou traumatismos mais significativos en montaña: Definición, Aspectos de prevención, Causas que o producen, Pautas de actuación e técnicas de intervención.
- Realizar en diferentes supostos prácticos : as técnicas de inmovilización, as vendaxes mais axeitadas, as manobras de inhibición de hemorraxias e as manobras de recollida e traslado do enfermo e accidentado.
- Aplicar as técnicas básicas de reanimación cardiopulmonar sobre manequíns.
- Describir o contido mínimo dunha botica de primeiros auxilios de urxencias e as indicacións das substancias e medicamentos.
- Confeccionar dietas equilibradas, explicando as pautas de hidratación para casos determinados.
- Recoñecer os beneficios que supón a práctica de actividades físicas no medio natural sobre os diferentes órganos e sistemas.

Os criterios de cualificación serán:

Parte teórica (exame, cada pregunta correcta suma 0.5 pts): 80%

Parte práctica (exame práctico de execución): Simulación situación urxencia vital 15%

Simulación lesión deportiva no medio natural 5%